

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2024/25 (CENTROS XA INTEGRADOS NO PLAMBE)

Centro: IES DO MILLADOIRO Código: 15032807.Localidade: O MILLADOIRO Provincia: CORUÑA

1.-Organización e xestión. Coa renovación do **PLAMBE 2024-2025** promoverase a actualización de fondos coa finalidade de que todas as materias dispoñan dos recursos necesarios para a adquisición das competencias básicas. Todo o alumnado debe ter acceso ás lecturas obrigatorias e recomendadas de cada curso, así como aos fondos e o equipamento necesario para o desenvolvemento de proxectos.

O vindeiro curso o centro contará cunha nova Dirección e cun proxecto, que incluírá a biblioteca entre as súas prioridades. Levarase a cabo unha revisión e actualización do Proxecto Lector do Centro para consensuar diversas actuacións destinadas ao fomento da lectura e da escritura no uso, no tratamento e na produción da información en apoio das competencias clave. Para acadar estes obxectivos priorizaranse as necesidades máis urxentes (tendo en conta os resultados da avaliación de diagnóstico), así como a organización de seccións de biblioteca de aula e de departamentos, a formación de usuarios, etc.

O centro contará cun equipo formado por varias persoas de diferentes departamentos e dunha hora de reunión do equipo de biblioteca, que permitirá o traballo colaborativo e que buscará o consenso na toma de decisións.

A adquisición do novo mobiliario, así como a recolocación de andeis, permitirá unha maior diversificación dos espazos de traballo. A versatilidade do mesmo (mesas apilables e cadeiras) facilitará os diversos usos que a biblioteca require, (lecturas compartidas, traballos de investigación, preparación de actividades, concertos, reunións de clubs de lectura, de grupos de traballo...). Queremos ademais mellorar o funcionamento do espazo externo, cunha conexión eficaz entre o espazo da radio, a aula de actividades de normalización lingüística e a biblioteca. Atenderase especialmente á configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes”.

2.-Recursos da biblioteca. En canto á integración do **currículo**, a contribución á **alfabetización múltiple** e ao **desenvolvemento das competencias básicas** do alumnado, o equipo animará aos departamentos a utilizar os **recursos da biblioteca**, ben a través de proxectos, ben a través de actividades de colaboración, tanto puntuais como sistemáticas. Seguiremos repensando a función da

BE para chegar a un maior número de alumnos e de alumnas, promovendo a utilización dos recursos dixitais e materiais adquiridos ao longo destes últimos anos. Aumentaremos a sección de cinema e de vídeos didácticos.

3.-Formación de usuarias/os. O equipo levará a cabo varias sesións formativas a principio de curso en colaboración cos diferentes departamentos, titorías e profesorado de garda. Serán realizadas diversas actividades para coñecer a biblioteca escolar, a organización e distribución dos fondos según a CDU, o sistema de préstamo a través da web, o acceso a catálogos doutras bibliotecas, á plataforma ELBE-2, etc. En principio, estas actividades están especialmente dirixidas aos primeiros cursos da ESO, pero intentarase tamén facelas extensivas a outros niveis.

A biblioteca ten que facilitar ao alumnado en xeral, pero en particular ao alumnado con poucos medios ou con necesidades educativas especiais o acceso a todos os recursos físicos e dixitais do centro.

Favorecerase a **autonomía e a responsabilidade do alumnado no proceso de aprendizaxe**. A biblioteca debe contribuír ao **desenvolvemento da competencia dixital** do alumnado, en colaboración con todo o profesorado e o equipo TICS, facilitando xa desde o comezo do próximo curso unha formación básica no manexo de recursos. Participaremos unha vez máis na convocatoria de **Bibliotecas Solidarias** e no **Proxecto “Radio na biblio”**. Un ano máis o equipo de Dinamización lingüística, en colaboración co equipo da biblioteca, programará as actividades de dinamización e de formación para a posta en marcha do proxecto **Radio na biblio**: deseño de programas, elaboración de guións, gravacións, locución, entrevistas, etc.

4.-Fomento da lectura. A principios do próximo curso distribuiremos información sobre a biblioteca a toda a comunidade educativa, privilexiando os espazos de difusión virtuais: monitor exterior, blog, correo electrónico, web do centro, etc. **Favorecerase tamén a** continuidade dos clubs **“Leo no Milladoiro”**, aprobada polo claustro o 28/06/2024, participando na convocatoria de **clubs de lectura 2024/25**. Formarase un novo equipo de profesorado que dinamice os clubs de lectura. O equipo encargarse tamén da actualización do [blog da biblioteca](#) e o [de clubs de lectura](#). **A biblioteca apoiará o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro** (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información).

Actividades previstas. En outubro, conmemoraremos o **Día das bibliotecas, Samaín e o Día das**

escritoras; en novembro, o día da **Ciencia en galego** e a **Xornada pola eliminación da violencia de xénero**; en decembro, a **Declaración Universal dos Dereitos Humanos**; o 8 de marzo, o **Día da muller traballadora**; en abril, a **Semana do libro**; en maio, a **Semana das Letras Galegas** e como remate do curso o 21 de xuño o **Día da Música**. A biblioteca estará aberta ademais a todo tipo de conmemoracións e actividades colaborativas coa comunidade educativa, ademais de participar nas reunións das diferentes coordinacións do centro. Favoreceranse os encontros, tanto presenciais como virtuais, os concursos de recitado, entrega de premios, reunións de clubs de lectura, lecturas compartidas, etc. Procurarase a colaboración do profesorado, coa implicación das novas incorporacións, así como da Dirección, departamento de Orientación, EDL, TICS, departamentos, familias, etc.

5.-Biblioteca inclusiva. Para que a nosa biblioteca sexa unha **biblioteca inclusiva**, seguirá ofrecendo suficientes exemplares de lecturas obrigatorias e recomendadas para o alumnado con dificultades económicas e de aprendizaxe. A colaboración coa ANPA, departamento de Orientación, cos outros departamentos e coa Dirección será indispensable para contar cun número de fondos bibliográficos suficientes que permitan paliar as desigualdades socioeconómicas da nosa contorna, así como fondos destinados ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Continuaremos aumentando a colección de libros de lectura fácil en galego, dicionarios visuais, xogos educativos, libros sobre a desigualdade, diversidade, biografías ou semblanzas de mulleres senlleiras para loitar contra estereotipos, contra a violencia de xénero, así como a colección sobre coñecemento do planeta e de conciencia ambiental para apoiar os obxectivos do desenvolvemento sustentable.

Grazas á colaboración con outras coordinacións do centro a través da Comisión de convivencia, a biblioteca velará pola integración do profesorado e alumnado novo, así como polo alumnado que se sinta illado, marxinado ou inseguro. A biblioteca continuará sendo un lugar acolledor no máis amplo sentido da palabra. Contaremos, para conseguir este obxectivo, coa colaboración dos voluntarios e das voluntarias.

6.-Outras actuacións. Daremos continuidade á colaboración coas bibliotecas escolares dos centros públicos de Ames e tamén con bibliotecas non escolares, así como co Concello e coas familias a través da Comisión de Biblioteca. Levaremos a cabo varias publicacións conxuntas como Guías de lectura de Nadal e de Verán, Boletín da contorna; lecturas compartidas, encontros de clubs de lectura, etc.

7.-Avaliación. A final de curso farase unha avaliación do Plan de traballo da biblioteca. **Grao de cumprimento dos obxectivos propostos no proxecto. Actividades.** Analizaranse as actividades dedicadas

ao fomento da lectura, apoio ao plan lector, formación de usuarios, ALFÍN, apoio aos programas de aula-centro, integración da cultura impresa e a dixital, apoio á compensación das desigualdades sociais. **Análise e valoración dos materiais creados pola biblioteca e o profesorado colaborador. Organización e valoración dos recursos humanos do centro. Valoración dos recursos materiais da biblioteca. Aplicación e repercusión do proxecto na práctica educativa. Grao de satisfacción do grupo de apoio á biblioteca co traballo realizado. Grao de implicación na biblioteca da comunidade educativa. Actividades de formación do profesorado. Procedementos e instrumentos de avaliación:** observación e rexistro dos procesos e resultados obtidos nos mesmos. Blogs da biblioteca, páxina web do centro. Memoria realizada. Indicadores de logro e enquisas.

8.-Recursos humanos. O equipo de apoio á biblioteca estará formado por M^a Jesús Barral Otero e estará aberto a novas incorporacións. A coordinadora continuará sendo Margarita Rodríguez Ponseti.

O horario previsto de apertura da biblioteca, se os recursos humanos o permiten, será dun mínimo de 12 horas lectivas, ademais dos recreos (10 recreos semanais de 20 minutos cada un).